

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de 15 de setembro de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola Xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía do 11 de setembro de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade pertencentes aos lotes 3, 4 e 7. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN (Lotes 3 e 7).
- PANADERIA EL TRIGAL CELTA (Lote 4).

En aplicación do artigo 62.2 do RXLCAP a falta de contestación a este requirimento terá a consideración de retirada inxustificada da proposición coas consecuencias previstas neste artigo (incautación da garantía provisional no suposto de que se tivera esixido) podendo dar lugar á imposición dunha prohibición de contratar segundo o disposto no artigo 71.2a) da LCSP.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (*"As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"*), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día 22 de setembro de 2022.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do Concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/09/2022 11:36	Páxina 1 de 2
19157-101	CSV: A4A6BC-B4EBD4-45E74A-V9NX5F-QBNGQ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/09/2022 11:36	Páxina 2 de 2
19157-101	CSV: A4A6BC-B4EBD4-45E74A-V9NX5F-QBNGQ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		